



CONCELLO DE OUTES (A Coruña)

"Prego de cláusulas administrativas particulares adquisición dun tractor e dous apeiros desbrozadora (unha de arrastre e outra de brazo) novos."

I. Obxecto e réxime xurídico

1. Obxecto

O contrato ten por obxecto a subministración dun tractor e dous apeiros desbrozadora (unha de arrastre e outra de brazo) novos.

2. Réxime xurídico

A contratación da subministración réxese por este prego, polo Texto Refundido da Lei de contratos do sector público (RDL. 3/2011, do 14 de novembro -en diante, TRLCSP), a normativa complementaria en materia de contratación pública e o prego de prescricións técnicas.

3. Procedemento, tramitación de expediente e forma de adxudicación

O contrato adxudícase por procedemento aberto, con anuncio no perfil de contratación da Corporación e no Boletín Oficial da Provincia.

II. Orzamento, aplicación orzamentaria e revisión de prezos

1. Orzamento

O orzamento de licitación deste contrato é o de 90.000,00 € máis 18.900,00 de IVE, en total, 108.900,00 €.

Enténdese, para todos os efectos, que as ofertas presentadas polos licitadores comprenden non soamente o prezo do contrato senón tamén os gastos de transporte -e os outros que se produzan ata a entrega do automóbil no lugar que sinale o Concello-, o IVE e demais tributos que lle sexan aplicables.

2. Aplicación orzamentaria

A aplicación orzamentaria das obrigacións económicas que se derivan do cumprimento deste contrato é a 454 624 00 do orzamento da Corporación para 2017.

3. Revisión de prezos

Non procede (artigo 89 da LCSP).



CONCELLO DE OUTES (A Coruña)

III. Anuncio e proposicións

1. Anuncio e invitacións.

A licitación convócase por medio de anuncio no perfil de contratante da Corporación e no Boletín Oficial da Provincia.

2. Lugar e prazo de presentación de proposicións

As proposicións para tomar parte na licitación presentaranse no rexistro xeral do Concello de Outes, rúa da Vila nº 1, 15230 OUTES (A Coruña), no prazo de **OITO (8) DÍAS NATURAIS**, ou en Oficinas de Correos.

De enviaren as proposicións por correo, os licitadores deberán xustificar a data do envío e comunicarlle o mesmo día ao órgano de contratación a súa remisión por medio de télex, fax, correo electrónico ou telegrama. Sen a concorrencia de ámbolos os dous requisitos a proposición non será admitida de chegar con posterioridade ao remate do prazo. En calquera caso, de transcorrerem dez días naturais con posterioridade á antedita data sen que chegase a proposición, esta non será admitida de ningún xeito.

3. Documentación

As proposicións presentaranse en DOUS sobres pechados, que poderán ser lacrados e precintados, e que levarán por fóra de cada un deles o título do contrato, a nomenclatura do sobre, o nome e apelidos do licitador ou a razón social da empresa, e o correspondente NIF ou CIF, así como a súa sinatura ou a da persoa que o represente.

3.1 Sobre A: Subtitulado “Documentación” conterá:

A) A declaración responsable de reunir as condicións legalmente establecidas para contratar coas administracións públicas á que se refire o artigo 146 da LCSP (personalidade xurídica, capacidade de actuar, clasificación empresarial, solvencia económica, financeira e técnica, inexistencia de causas de incapacidade, e estar ao corrente nas obrigacións tributarias e coa seguridade social, así como correo electrónico para notificacións). O Concello pode requirir en calquera momento antes da proposta de adxudicación a presentación efectiva daquela documentación. O modelo de declaración responsable é como segue:

“D./D^a ... con DNI nº ... e domicilio en ... en nome propio / en representación da empresa denominada..., CIF nº ... , con sede social..., e (se é o caso), á que representa no procedemento de adxudicación do contrato de subministración de tractor con dous apeiros desbrozadoras declara, que a antedita empresa reúne as condicións legalmente establecidas para contratar coas administracións públicas de conformidade co artigo 146 da LCSP e singularmente co Concello de Outes, tocantes á personalidade xurídica, capacidade de actuar,



CONCELLO DE OUTES (A Coruña)

clasificación empresarial, solvencia económica, financeira e técnica, inexistencia de causas de incapacidade, e cumprimento das obrigacións tributarias e coa seguridade social.

O correo electrónico para efectos de notificacións é o seguinte:
(Lugar, data e sinatura do proponente).”

B) O compromiso de adscribir á execución os medios persoais ou materiais suficientes.
Para estes efectos os licitadores concretarán os medios materiais e persoais que se adscribirán á execución do contrato, de conformidade co prego de prescricións técnicas. A falta de idoneidade ou de xustificación dos medios persoais e materiais propostos, segundo criterio da mesa de contratación, terá carácter excluínte.

O incumprimento do compromiso de adscrición considerarase incumprimento dunha obrigación esencial para os efectos do artigo 223.f) LCSP. Non obstante, o órgano de contratación poderá optar pola imposición de penalidades nos termos sinalados neste prego.

C) Unións temporais de empresa. Indicación dos nomes e circunstancias das empresas que a constitúen, participación de cada unha delas e compromiso de constituírense formalmente en UTE, de resultaren adjudicatarias, de conformidade co artigo 59 da LCSP e a cláusula 8 deste prego.

D) Declaración de empresas vinculadas. De concorrer a empresa á licitación con outras pertencentes a un mesmo grupo, nos termos aos que se refire o artigo 145 da LCSP, presentará unha declaración coa indicación desta circunstancia e o nome ou a súa denominación social. Este documento deberán constar en cada unha das ofertas formuladas por todas as empresas vinculadas que concorran á licitación.

3.2. Sobre B: Subtitulado “ OFERTA ECONÓMICA E REFERENCIAS VALORABLES AUTOMÁTICAMENTE” conterá:

No anverso do sobre figurará a mención “Oferta económica e referencias valorables automaticamente para a contratación da SUBMINISTRACIÓN DE TRACTOR E DÚAS DESBROZADORAS, presentada por.....(nome ou denominación social, CIF, dirección de correo electrónico e dirección de correo postal a efectos de notificacións, número de teléfono, número de fax...)”.

Conterá a proposición formulada estritamente conforme ó Modelo que figura como Anexo 3.

4. Documentos orixinais e copias

Os documentos que se acheguen ás proposicións terán que ser orixinais ou fotocopias dilixenciadas polo secretario da Corporación, funcionario en quen delegue ou notario, nas que se fará constar que foron compulsadas cos seus orixinais.



CONCELLO DE OUTES (A Coruña)

IV. Calificación da documentación presentada, apertura de proposicións e valoración da documentación técnica

A apertura das proposicións, a calificación do seu contido e a valoración técnica realizarase consonte o que dispoñen os artigos 160 do LCSP e 79 e seguintes do RCAP.

A mesa de contratación avaliará as proposicións consonte os criterios de valoración que sinala este prego e, á vista dos informes técnicos que, se é o caso, solicite, remitirá a proposta de adxudicación ao órgano de contratación.

V. Criterios de valoración

Os criterios de valoración das proposicións serán os sinalados no Anexo 2.

VI. Garantía definitiva

1. O adxudicatario está obrigado a constituír no prazo de dez días hábiles des que se lle notifique o requirimento que prevé o artigo 151.2 da LCSP, unha garantía definitiva por importe do 5% do prezo de adxudicación, excluído o IVE, en calquera das formas que dispón o artigo 96 da LCSP perante a Tesourería da Corporación. No caso da proposición elixida estiver incurso inicialmente en presunción de temeridade ou fose desproporcionada, o órgano de contratación esixiralle ao contratista a constitución dunha garantía definitiva polo 10% do importe da adxudicación.

2. A garantía definitiva responderá dos conceptos aos que se refire o artigo 100 da LCSP.

3. A devolución e cancelación da garantía efectuarase consonte o que dispón o artigo 102 da LCSP.

VII. Formalización do contrato

O contrato formalizarase en documento administrativo no prazo de non mais de 8 días hábiles, días contados des que se notifique a adxudicación. O contrato poderá ser elevado a escritura pública cando o solicite o contratista e neste serán pola súa conta os gastos derivados do seu outorgamento.

VIII. Execución do contrato

1. Execución do contrato



CONCELLO DE OUTES (A Coruña)

O tractor cos seus apeiros desbrozadora subministraranse con suxeición ao prego de prescricións técnicas e contará coas autorizacións e homologacións necesarias para a súa matriculación, circulación e utilización. O contratista será responsable de calquera reclamación tocante á propiedade industrial, intelectual ou comercial do tractor e do seu equipamento complementario, e non terá dereito a indemnización por causa de perdas, avarías ou prexuízos que sufran os bens antes da súa entrega ao Concello, a non ser que este incorrera en demora ao recibilos.

2. Obrigacións do contratista de carácter específico

Á parte das obrigacións xerais derivadas do réxime xurídico deste contrato, incúmbeulle ao adxudicatario o cumprimento das disposicións vixentes en materia de lexislación laboral, seguridade social e de prevención de riscos laborais. O incumprimento destas obrigacións por parte do contratista non significará responsabilidade ningunha para a Administración.

3. Prazo de execución

O prazo de execución do contrato será de **UN MES**, contados des que se formalice o contrato.

Os bens considéranse entregados no lugar e data que a Corporación lle sinala ao contratista e a entrega formalízase por medio da correspondente acta. Serán por conta do adxudicatario os gastos de transporte e entrega. Se os bens non estivesen en estado de seren recibidos, farase constar na acta e cumprirá dar as instrucións precisas para que o contratista emende os defectos rexistrados no prazo que se lle sinala.

4. Comprobacións da subministración

O Concello pode realizar as comprobacións que xulgue convenientes das calidades dos bens durante a súa fabricación e ao tempo da entrega. Para estes efectos, un técnico nomeado pola Corporación poderá, en calquera momento, efectuar os controis oportunos coa finalidade de comprobar que os produtos se corresponden coa proposición do adxudicatario e as prescricións técnicas do contrato, e estender, se é o caso, acta de desconformidade que poderá dar lugar á resolución do contrato.

5. Penalidades por demora

O adxudicatario queda obrigado ao cumprimento do prazo de execución do contrato. Se incorrese en demora por causas a el imputables, o Concello poderá decidir pola a resolución do contrato ou pola a imposición de penalidades económicas, na contía que sinala o artigo 212.4 da LCSP.



CONCELLO DE OUTES (A Coruña)

A perda da garantía ou a imposición de penalidades económicas non exclúen a indemnización polos danos e perdas derivados da demora, á que poida ter dereito o Concello.

6. Recepción

A recepción dos bens obxecto do contrato efectuarase mediante acta asinada polo representante da empresa e o da Administración.

7. Prazo de garantía

O prazo de garantía será de o de DOUS ANOS contado des que se lle entregue o tractor á Corporación, sen prexuízo da súa mellora por parte dos licitadores.

8. Pago do prezo

O adxudicatario terá dereito ao aboamento do prezo da subministración trala acta de entrega e a presentación de factura cos requisitos regulamentarios.

9. Vicios ou defectos durante o prazo de garantía

Se durante o prazo de garantía se acredita a existencia de vicios ou defectos na subministración, o Concello terá dereito a reclamarlle ao empresario a reposición dos bens inadecuados ou a reparación deles, se esta fose posible e adecuada. Se a Administración xulgase, durante o prazo de garantía, que os bens non son aptos para o fin pretendido como consecuencia dos vicios ou defectos observados neles imputables ao empresario, e presuma que a reparación deles non é posible e adecuada, poderá -antes de rematar o devandito prazo-, rexeitar aqueles bens e deixalos a conta do contratista; neste caso, o Concello queda exento da obrigaón de pago do prezo ou ten dereito, se é o caso, á súa devolución.

Rematado o prazo de garantía sen que o Concello opuxese reparo ningún ou, se é o caso, subsanados correctamente os defectos denunciados, o contratista quedará exento de responsabilidade por razón dos bens subministrados e procederá a devolución da fianza.

IX. Modificación e resolución do contrato

1. Modificación

Consonte o artigo 296 do LCSP cando como consecuencia das modificacións do contrato de subministración, se rexistre un aumento, redución ou supresión de unidades de bens que a integran ou a substitución duns bens por outros, sempre que estes estean comprendidos no contrato, as modificacións serán obrigatorias para o contratista, sen que teña dereito en caso de supresión ou redución, a reclamar indemnización polas anteditas causas,



CONCELLO DE OUTES (A Coruña)

sen prexuízo da posibilidade de resolución do contrato cando as modificacións, aínda que fosen sucesivas, signifiquen aillada ou conxuntamente alteracións no prezo do contrato en máis ou menos o 20% do prezo ou unha alteración substancial da prestación inicial.

2. Resolución

A resolución do contrato terá lugar nos casos que sinalan neste prego e os artigos 223 a 225 e 299 e 300 da LCSP.

Cando o contrato se resolva por culpa do adxudicatario, incautaráselle a garantía definitiva, sen prexuízo da indemnización, se é o caso, polos danos e perdas orixinados e que excedan do importe da garantía.

X. Potestades da administración e xurisdición competente

1. Potestades da Administración

O órgano de contratación ten a potestade de interpretar o contrato e resolver as dúbidas que xurdan do seu cumprimento. Tamén poderá modificalo, por razóns de interese público, decidir a súa resolución e determinar os efectos desta, dentro dos límites e con suxeición aos requisitos e efectos que sinalan a LCSP e o seu Regulamento.

As resolucións que dite o órgano de contratación, tralos informes procedentes, no exercicio das súas potestades de interpretación, modificación e resolución serán inmediatamente executivos.

2. Xurisdición competente

As cuestións litixiosas que xurdan sobre a interpretación, modificación, resolución e efectos do presente contrato administrativo serán resoltas polo órgano de contratación competente e os seus acordos porán fin á vía administrativa. Contra eles cabe interpor recurso contencioso-administrativo perante o xulgado correspondente de A Coruña, consonte a Lei reguladora da citada dita xurisdición.



CONCELLO DE OUTES (A Coruña)

ANEXO I CADRO DE CARACTERÍSTICAS TÉCNICAS DO CONTRATO

1. OBXETO	SUBMINISTRO DE TRACTOR E DUAS DESBROZADORAS	
2. CODIFICACIÓN	Vocabulario común de contratos (CPV)	34100000-8- Vehículos a motor
3. ORZAMENTO	A) Obras anuais Base imponible 90.000,00 € Importe IVE 18.900,00 € Total : 108.900,00 €	108.900,00 € (IVE ENGADIDO)
4. VALOR ESTIMADO	Base imponible: 90.000,00 € Total: 108.900,00 €	
5. APLICACIÓN ORZAMENTARIA	454.624.00	
6. PRAZO DE EXECUCIÓN	1 mes	
7. CLASIFICACIÓN PARA EFECTOS DE ACREDITACIÓN DE SOLVENCIA.	Grupo subgrupo categoría Non é esixible	
8. LUGAR DE PRESENTACIÓN DE OFERTAS	1.- Rexistro Xeral da administración convocante 2.- Oficina de Correos Comunicación do envío por medio de oficina de correos: Domicilio da entidade contratante Concello de Outes: Rúa da Vila 1 Nº de FAX da entidade contratante: 981850387 Correo electrónico da entidade contratante: miriam.naveira@outes.es	
9. PRAZO DE PRESENTACIÓN DE PROPOSICIÓNS	OITO (8) días NATURAIS, contados dende a publicación do anuncio na páxina dixital da Corporación, en horario de rexistro da administración convocante e no caso de presentalo por correo dentro do horario da oficina correspondente e cos requisitos previstos na Lei de contratos.	



CONCELLO DE OUTES (A Coruña)

10. GARANTÍA DEFINITIVA	5% do importe de adxudicación, IVE excluído
11. TAXAS DO CONTRATO	Non se esixen
12. REVISIÓN DE PREZOS	Non procede
13. CONTROL DE CALIDADE	Ver a cláusula 29
14. IMPORTE MÁXIMO DOS GASTOS DE PUBLICIDADE DE LICITACIÓN POR CONTA DO CONTRATISTA	600 €
15. LUGAR E PRAZO DE ENTREGA	Concello de Outes, rúa da Vila nº 1 ,1 15230 A SERRA DE OUTES (A Coruña). O prazo para a entrega será de 15 DÍAS contados a partir da formalización do contrato.

15. INFORMACIÓN

PERFIL DO CONTRATANTE: www.outes.es

TELÉFONO: 981850003

CORREO ELECTRÓNICO: miriam.naveira@outes.es

18. DATOS DA FACTURA

18.1. IDENTIFICACIÓN DO DESTINATARIO. ENTIDADE LOCAL: Concello de Outes

CIF:P1506300A

CÓDIGO LA0003095

18.2.- ÓRGANO DECISORIO/XESTOR: Alcalde

CÓDIGO LA0003083

18.3.- IDENTIFICACIÓN UNIDADE CONTABLE: Oficina contable

CÓDIGO LA0003088

19. LUGAR ONDE SE PODEN OBTEN COPIAS DO PREGO:

- Perfil do contratante do Concello.



CONCELLO DE OUTES (A Coruña)

ANEXO 2 CRITERIOS DE VALORACIÓN PARA A ADXUDICACIÓN DO CONTRATO.

CRITERIOS AVALIABLES AUTOMÁTICAMENTE	PUNTUACIÓN
	Ata 37 puntos, coa seguinte desagregación:
Reducción do prazo de entrega: - Por cada día de redución: 1 punto	5
Maior potencia de motor. Valorarase de acordo coa seguinte escala: - Maior de 120 e menor ou igual a 135 cv: 2 puntos - Maior de 135 e menor ou igual a 150 cv: 4 puntos - Maior de 150 e menor ou igual a 165 cv: 6 puntos - Máis de 165 cv: 8 puntos	8
Garantía do tractor superior a 2 anos: - Por cada ano a maiores: 2 puntos	6
Mantemento post-venda tractor: - Gratuíto durante o prazo de garantía: 2 puntos - Por cada ano a maiores do prazo de garantía: 2 puntos, ata un máximo de 6	8
Melloras desbrozadora de brazo: - Mando con joystick en cabina: 3 puntos - Chasis e cabezal reforzado: 2 puntos - Bomba de caudal variable: 2 puntos	7
Melloras desbrozadora de arrastre: - Dispositivo hidráulico de seguridade: 3 puntos	3



CONCELLO DE OUTES (A Coruña)

CRITERIO ECONÓMICO	PUNTUACIÓN
OFERTA ECONÓMICA: Calcularase aplicando a seguinte fórmula elaborada polo <u>Departamento de Matemática Aplicada da Universidade de Santiago de Compostela</u> (http://www.dicoruna.es/valoracion/).	29



CONCELLO DE OUTES (A Coruña)

ANEXO 3.

DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR POLOS LICITADORES NO SOBRE B) OFERTA ECONÓMICA E REFERENCIAS VALORABLES AUTOMÁTICAMENTE.

MODELO DE OFERTA

D. con domicilio en rúa nº, código postal....., teléfono, fax titular do NIF nº, actuando en nome propio (ou en representación de, con NIF/CIF e domicilio en, rúa, nº, código postal, teléfono fax) toma parte no procedemento aberto convocado polo Concello de Outes para a contratación da SUBMINISTRACIÓN DUN TRACTOR E DÚAS DESBROZADORAS, fai constar que coñece e acepta os Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares e de Prescricións Técnicas e que se compromete a executar o contrato con suxeición ás referidas cláusulas con arranxo á seguinte oferta:

FICHA DESCRIPTIVA DA OFERTA. <i>Importante: Os licitadores están obrigados a cumprimentar os datos que figuran en esta ficha. As ofertas que no inclúan a ficha descritiva no serán valoradas.</i>		
Características mínimas da subministración de conformidade co esixido no prego de prescricións técnicas.		
I.- Tractor:		
Características	Valores segundo prego	Oferta
a) Motor:		
- Potencia mínima	120cv	
- Par máximo	500 Nm (a 1.300-1.400 rpm)	
- Nº cilindros	Catro (4)	
b) transmisión e caixa de cambios		
- Embrague	Accionamento hidráulico ou electrónico	
- Inversor	Electrohidráulico baixo par	
c) Toma de forza:		
- Embrague	Disco de embrague independente	
- Accionamento	Electrohidráulico cun mínimo de 2 velocidades (540/1.000 rpm)	



CONCELLO DE OUTES (A Coruña)

d) Equipo hidráulico:		
- Forza alzamento brazo	En función da desbrozadora de brazo	
- Circuito hidráulico	Caudal mínimo de 95 l/min	
e) Outras:		
- Angulo de xiro dirección	55 graos	
- Cabina	Insonorizada con calefacción e aire acondicionado	
II.- Desbrozadoras:		
a) Cabestrante		
- Forza de tiro mínima	8.000 kg	
- Lonxitude e diámetro cable mínimas	50 m de cable de 14 mm de diámetro	
- Accionamento	Hidráulico e reversible	
b) Desbrozadora de arrastre:		
- Enganche	Traseiro	
- Rotor	Martelos ou cadeas	
- Desprazamento	Hidráulico lateral e vertical do tractor	
- Ancho mínimo de traballo	1.65 m	
c) Desbrozadora de brazo		
- Cabezal	Adiantado	
- Alcance	3 – 55 m	
- Cabezal	1,15 – 1,25 m, adaptable a coitelas e martelos con dobre sentido de xiro, reversible e rotación	
- Refrixeración	Sistema axeitado	
III.- Outras características valorables como mellora		
Redución do prazo de entrega	Indicar número de días	
Maior potencia do motor	Indicar incremento	
Garantía do tractor superior a 2 anos	Indicar número de anos	
Mantemento post-venda tractor	Indicar si ou no e, no seu caso, condicións	
Mando joystick en cabina	Indicar si ou non	



CONCELLO DE OUTES (A Coruña)

Chasis e cabezal reforzado	Indicar si ou non
Bomba de caudal variable	Indicar si ou non
Dispositivo hidráulico	Indicar si ou non

IV.- Oferta económica:	
	Prezo sen iva
Tractor	
Desbrozadora de brazo	
Desbrozadora de arrastre	
	IVE
PREZO TOTAL IVE INCLUIDO	

Prego de prescricións técnicas:

As características técnicas do VEHÍCULO TRACTOR, son as seguintes:

1. VEHÍCULO TRACTOR

a. Motor:

- Potencia mínima: 120 cv
- Par máximo: 500Nm (a 1.300-1.400 rpm)
- 4 cilindros mínimo
- con filtro de aire

b. Transmisión e caixa de cambios

- Embrague accionamento hidráulico ou electrohidráulico
- Inversor electrohidráulico baixo par

c. Toma de fuerza

- Disco de embrague independente
- Accionamento electrohidráulico cun mínimo de 2 velocidades (540/1000 rpm)

d. Equipo hidráulico

- Forza alzamento brazo: en función da desbrozadora de brazo
- Circuito hidráulico: caudal mínimo de 95 l/min

e. Outras

- Ángulo de xiro de dirección 55 grados
- Cabina insonorizada con calefacción e aire acondicionado



DESBROZADORAS

a. Cabrestante (LEGALIZADO)

- Forza de tiro mínima: 8.000 kg
- Mínimo 50 m de cable de 14 mm de diámetro
- Accionamento hidráulico e reversible

b. Desbrozadora de arrastre

- Desbrozadora de enganche traseira
- Con rotor de martelos ou de cadeas
- Desprazamento hidráulico lateral e vertical do tractor
- Ancho de traballo mínimo: 1,65 m

c. Desbrozadora de brazo

- Cabezal adiantado
- Alcance: 3-5,5 m
- Cabezal de 1,15-1,25 m adaptables e cuchillas e martelos con dobre senso de xiro reversible e rotación
- Sistema de refrixeración axeitado